

ACORDOS DA REUNIÓN DA COMISIÓN ORGANIZADORA DO 18 CONGRESO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR DE OURENSE

19 de xullo de 2021

1.- Aprobación do modelo de aval a empregar para a recollida de sinaturas entre os/as afiliados/as que avalen aos/ás precandidatos/as.

Preséntase pola presidenta un modelo oficial de aval (do que se achega copia asinada polo seu reverso por todos os integrantes desta comisión coa presente acta) para que todos/as aqueles/as afiliados/as do Partido Popular de Ourense que desexen concorrer como precandidatos/as ao congreso, poidan recoller as sinaturas necesarias dos/as afiliados/as para poder ser proclamados/as precandidatos/as.

Tamén se propón desde a presidencia que este aval que se presenta neste momento, quede a disposición de todos/as os/as afiliados/as do Partido Popular de Ourense na sede provincial do partido en Ourense, así como publicado na páxina web do Partido Popular de Ourense, www.ppou.es.

Presentado este asunto aos integrantes da comisión organizadora, apróbanse por unanimidade dos/as presentes.

2.- Aprobación do censo definitivo de afiliados/as do Partido Popular de Ourense.

Preséntase pola presidenta desta comisión o número de afiliados/as do Partido Popular de Ourense pechado con data de 19 xullo de 2021, data de convocatoria do 18 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense e que supón a imposibilidade de admitir máis altas novas de afiliados/as para participar no Congreso.

A cifra oficial do total de afiliados/as ao Partido Popular de Ourense ascende a: 20.822 afiliados a afiliadas, desagregados en: 318 pertencentes á organización xuvenil Novas Xeracións e 20.504 do Partido Popular.

Quedando aprobado por unanimidade dos/as presentes este punto.

3.- Inscripción de persoas que queiran participar como electores/as no 18 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense.

Unha vez escoitada a suxerencia plantexada na Xunta Directiva que se ven de celebrar, esta Comisión Organizadora acorda, por unanimidade dos seus membros, en base a:

Primeiro: por mor da situación sanitaria que estamos a vivir, para evitar na medida do posible desprazamentos e xuntanzas de persoas;

Segundo: porque se trata de facilitar a participación nun proceso congresual aberto e democrático, simplificando procedementos, sen conculcar ningunha normativa que rexa os procesos congresuais do Partido Popular;

Terceiro: ante a inminencia do 17 Congreso do Partido Popular de Galicia, que lembramos ven de celebrarse hai pouco máis de 48 horas.

Acordamos que todas aquelas persoas que fixeran a súa inscrición inicial para participar como electores/as no citado congreso autonómico e teñan ao corrente de pagamento as súas cotas, quedan automaticamente inscritas como electores/as no 18 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense, salvo manifestación fidedigna en contrario que deberá facerse chegar á sede provincial por parte do/a interesado/a.